

ACTA n.º 05/2024

**XUNTANZA DO CONSELLO DE COORDINACIÓN DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN
TERRITORIAL DO RIO MINHO (AECT RIO MINHO)**

---- O día dezanove de decembro de dous mil vinte e catro, ás 15:00 horas (PT), nas instalacións do CIM Alto Minho, sitas na avenida Miguel Dantas 69, de Valença, reuniuse o Consello de Coordinación do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho (**AECT Rio Minho**). -----

---- Estiveron presentes, en calidade de membros do Consello de Coordinación do **AECT Rio Minho** o Director José Manuel Vaz Carpinteira, Presidente da Câmara Municipal de Valença; o Subdirector, Roberto José Álvarez Carrero, Alcalde de A Guarda. Asistiu tamén á xuntanza a membro do Secretariado Técnico, Sónia Fernanda Duarte Antunes. -----

---- Faltou á xuntanza Rui Pedro Ferreira Teixeira da Silva, Presidente da Câmara de Vila Nova de Cerveira e M^a Nava Castro Domínguez, Alcaldesa de Pontearreas.-----

----A xuntanza foi presidida polo Director do Consello de Coordinación do **AECT Rio Minho**, José Manuel Vaz Carpinteira, tendo sido tratados, de acordo coa orde do día, os seguintes asuntos: -----

---- **Asunto nº 1: Aprobación da acta da xuntanza anterior;** -----

---- Após a apertura dos traballos polo Director do AECT Rio Minho, foi presentada a Acta da xuntanza realizada do día vinte e un de novembro de dos mil vinte e catro, que, após de ser lida e revisada, recibiu o visto e prace por unanimidade dos presentes na sesión e será asinada pelo entón Subdirector, Rui Pedro Ferreira Teixeira da Silva e por M^a Nava Castro Domínguez, en representación do Director. -----

Esta deliberación foi aprobada por unanimidade en borrador.

---- **Asunto nº 2: Avaliación/aprobación do Plan de Actividades 2025**

---- Neste tema, foi presentado o Plan de Actividades para 2025 destacando as seguintes actividades:

- “AECT mais próximo”, no ámbito do cal se realizará un traballo de consulta cos concellos aos que se preguntará que actuacións da Revisión da Estratexia Río Minho 2030 son prioritarias a escala local,



seguido da identificación de posibles sinerxías entre as prioridades dos concellos de ambas as marxes, oportunidades de financiamento, e o apoio ou preparación de posibles solicitudes. Trátase de achegar e ao servizo dos concellos do territorio a AECT Rio Minho, así como materializar as actuacións previstas nesta Revisión, con resultados visibles para todas as persoas; -----

- Reforzo do proceso de consolidación institucional a través da colaboración coas dinámicas bilaterais de cooperación transfronteiriza no Rio Minho (Cerveira-Tomiño/Tui-Valença/Monção-Salvaterra, e outras dinámicas territoriais mais informais e/ou non institucionalizadas), e de articulación do AECT Rio Minho con entidades rexionais, estatais e europeas;-----

- Execución da operación VISIT_RIO_MINHO_PLUS, financiada polo Interreg VI-A, que pretende contribuír ao desenvolvemento económico do Rio Minho transfronteirizo, mediante o aproveitamento do potencial turístico que ofrecen os recursos endóxeos do territorio, a saber, a gobernanza turística transfronteiriza (servizo de apoio ao desenvolvemento turístico; rede de colaboración empresarial, participación en eventos...); creación e promoción de catro produtos turísticos transfronteirizos: Natureza e paisaxe / Miño navegable / Viño e gastronomía / Fortalezas e rutas históricas. -----

- Participación en accións que conduzan á solicitude de condición de Reserva Mundial da Biosfera;-----

-Apoio á dinámicas locais transfronteirizas da responsabilidade dos concellos do territorio do AECT Rio Minho, nomeadamente o proxecto de implantación dun paso de peóns entre os Concellos das Neves e Monção.-----

- No que se refire ao proxecto piloto e-bike Rio Minho, Soltráfego (empresa responsábel polo sistema) realizará -no primeiro trimestre de 2025- un informe debidamente orzamentado sobre o estado actual dos equipamentos e posibilidade de recuperación da operatividade do servizo, o que permitirá analizar a sustentabilidade da recuperación e conclusión do proxecto piloto até o final do ano. -----

- Consolidación de asociacións con diversas entidades rexionais, estatais e europeas, xa sexan incluídas en proxectos aprobados e en curso, ou promovendo outras asociacións e participando en eventos e/ou redes nacionais e internacionais. -----

- Tendo en conta a información xa dispoñible a través do Programa Interreg 2021-2027, en particular o calendario de convocatorias previsto para 2025, pero tamén a través doutros programas ou fontes de financiamento, a AECT Río Minho coordinará co territorio a presentación de distintos proxectos. -----

- Xestión e dinamización dos contidos dos portais web e redes sociais PT/GAL/ING: aectriominho.eu / visitriominho.eu / observatorio.aectriominho.eu e alfandegaimaterial.eu-----

- O Orzamento de 2025 ascende ao valor global de 572.559,00 €, correspondendo o 92,03% a gastos correntes, e sendo que para o ano 2025 está prevista unha achega económica ordinaria de 84.000,00

euros, de acordo co Artigo 7º, nº2 dos Estatutos, por parte de cada un dos socios, Deputación de Pontevedra e CIM Alto Minho. -----

- Ademais desta achega ordinaria, a Deputación de Pontevedra (un dos socios do AECT Rio Minho) fará unha achega extraordinaria, de conformidade co establecido no artigo 8, número 1 dos Estatutos, de 47.718,00 € para sufragar os gastos relacionados coa actuación desenvolvida no ámbito da colaboración específica da AECT Rio Minho coa Deputación de Pontevedra e a Câmara Municipal de Monção. -----

- Concluída esta presentación, o Consello de Coordinación decidiu, por unanimidade, aprobar a proposta de Plan de Actividades e Orzamento para 2025, e solicitarlle ao Director a realización das xestións necesarias para que a Asemblea Xeral do AECT Rio Minho, de conformidade co establecido nos estatutos, delibere sobre a aprobación destes documentos que serán asinados e rubricados polo Director e o Subdirector do AECT Rio Minho e arquivados. -----

Esta deliberación foi aprobada por unanimidade en borrador.

---- **Asunto nº 3: Avaliación/aprobación do mapa de persoal;** -----

---- No ámbito deste asunto, foi presentado o mapa de persoal para 2025 ao Consello de Coordinación. -
---- Concluída esta exposición e debate, o Consello de Coordinación decidiu por unanimidade aprobar a proposta de Plan de Persoal para o ano 2025 e solicitarlle ao director a realización das xestións necesarias para que a Asemblea Xeral poida deliberar sobre a aprobación destes documentos, que serán asinados e rubricados polo Director e Subdirector do AECT Rio Minho e arquivados. -----

Esta deliberación foi aprobada por unanimidade en borrador.

---- **Asunto nº 4: Designación dun Auditor Externo para Exercicio de 2024;** -----

---- No ámbito desta materia, presentouse á Sociedade Artur Moreira & Ricardo Pereira, SROC, a proposta de nomeamento de Auditor Externo para o exercicio 2024, co CIF 516122150.

---- Concluída esta presentación, o Consello de Coordinación decidiu, por unanimidade, aprobar a proposta e solicitar ao Director que adopte as xestións necesarias para que a Asemblea Xeral do AECT Rio Minho, de conformidade co establecido nos estatutos, delibere sobre a aprobación destes documentos, que serán asinados e rubricados polo Director e Subdirector do AECT Rio Minho e arquivado.

Esta deliberación foi aprobada por unanimidade en borrador.

---- **Asunto nº 5: Outros assuntos de interesse para a actividade do AECT Rio Minho;** -----
---- No âmbito do procedimento de contratação para “*Deseño e creación produto turístico de Rio Minho navegábel*”, foi autorizado que o procedimento adopte o número interno AD_03_24, anteriormente atribuído para “*Estruturação da rede de capacitação para a governanza transfronteiriza do Rio Minho*”, cujo procedimento de contratação pública non avanzou. Esta alteração débese ao facto da numeración interna dos procedimentos de contratação pública ter de ser secuencial; -----

Esta deliberación foi aprobada por unanimidade en borrador.

---- E, para que conste, a presente Acta foi redactada e asinada pola concelleira M^a Nava Castro Domínguez, en substitución do Director, e polo Subdirector, Rui Pedro Teixeira Ferreira da Silva. -----

Valença, 19 de decembro de 2024

O Director,

(José Manuel Vaz Carpinteira)

O Subdirector,

(Roberto José Álvarez Carrero)